

O MEFP confírmalle á CIG-Ensino que a normativa de integración do PTFP no corpo de PES está moi avanzada e que se dará a coñecer tras a aprobación da LOFP

Así mesmo tamén confirmou que os efectos da equiparación co grupo A1, no que se encadra o corpo de PES, serán con carácter retroactivo desde xaneiro de 2021, é dicir, desde a entrada en vigor da LOMLOE



Na reunión do Consello Xeral da Formación Profesional, celebrada o pasado mércores día 2, o único sindicato que se interesou por este tema foi a CIG-Ensino, que interpelou directamente á secretaria xeral de FP do Ministerio de Educación e Formación Profesional, Clara Sanz. Esta respondeu que os traballos de redacción da norma que rexerá a integración do profesorado técnico de FP que cumpra os requisitos de titulación no corpo de PES están moi avanzados, despois de reunirse en dúas







ocasións cos directores xerais das CCAA, e que o resultado dos mesmos daranse a coñecer de forma inmediata tras a aprobación da Lei Orgánica de Formación Profesional, que está nestes intres nos últimos trámites no Senado.

Desde a CIG-Ensino volvemos reiterar a necesidade de que neste proceso non se deixe a ninguén atrás e manteremos a nosa reivindicación de que todo o profesorado de FP, con independencia do corpo

ao que pertenza, teña as mesmas retribucións e dereitos. Así mesmo, o sindicato maioritario no ensino público galego agarda a convocatoria dunha Mesa Sectorial docente estatal na que haxa marxe para a negociación dada a transcendencia que terá este regulamento, e o que posteriormente se negocie no ámbito de cada comunidade, para as

condición laborais do profesorado que desempeña o seu labor docente na Formación Profesional. Neste sentido, espera que o Ministerio de Educación atenda as demandas das organizacións que representan o profesorado e que non sexa unha negociación “paripé” despois do que teñan acordado coas Comunidades Autónomas.

Por último, a CIG-Ensino, aínda que considera positivas algunhas melloras introducidas no texto da LOFP e a confirmación de que a integración será con carácter retroactivo (agardemos que a todos os efectos, é dicir, tanto na antigüidade no corpo como nas retribucións) seguirá defendendo, como vimos de lembrar publicamente cando se cumpriu un ano da publicación da LOMLOE, nos distintos ámbitos de negociación, entre outras, as seguintes cuestións, que considera imprescindibles para eliminar a discriminación entre o persoal que imparte docencia nesta etapa educativa:

-  Que a publicación da norma estatal sexa á maior brevidade posíbel após a negociación.
-  Que se poida realizar a integración de forma indefinida, unha vez cumpridos os requisitos de titulación ou, no seu defecto, que se modifiquen as condicións do sistema de promoción interna para permitir, por esta vía, que non sexa preciso pasar unha fase de oposición no futuro para quen acade a titulación despois dos cinco anos que recolle o proxecto de LOFP.
-  Que a Consellaría de Educación se comprometa a publicar a Orde de integración con carácter inmediato, previa negociación na Mesa Sectorial galega, en canto estea no BOE o novo RD.
-  Que a Consellaría negocie o pago dun complemento compensador tanto para o profesorado que quede a extinguir no corpo de PTFP como para o que se integre no novo corpo de Profesorado Especialista para que as súas retribucións sexan as mesmas que as de quen se integre no corpo de PES, tanto no caso do funcionariado de carreira como do persoal interino e substituto.
-  Que se negocie, tanto a nivel do Estado como a nivel nacional, na Mesa galega, en función das competencias de cada ámbito, as condicións para garantir a mobilidade e os criterios para determinar as prazas nos destinos provisionais (CADP) e de traslados (CXT), así como a xestión das listas de persoal interino e substituto de cada corpo docente dos tres que finalmente convivirán nos centros (PES, PTFP a extinguir, PESSFP).
-  Que se respecte, aos efectos da determinación das prazas de estabilización que se van convocar desde este ano até 2024 (tanto do concurso excepcional de méritos como do concurso-oposición extraordinario), a natureza e o corpo das prazas ocupadas temporalmente.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal